

Mario Pansera

Nado en Nápoles no 1980, Mario Pansera é enxeñeiro de Electrónica e Telecomunicacións pola Universidade de Nápoles Federico 11 (Italia), mestrado en Economía e Xestión da Innovación pola Universidade Politécnica de Madrid e doutor en Administración por la Universidade de Exeter (Reino Unido).

Despois do doutoramento, fixo unha estadía postdoutoral en Bruxelas, grazas a unha bolsa Marie Curie, para incorporarse posteriormente como investigador á Universidade de Bristol (Reino Unido) e, máis tarde, de Lector Serra Hunter á Universidade Autónoma de Barcelona. A obtención no 2020 dun **ERC Starting Grant** para o desenvolvemento do proxecto [PROSPERA](#) fixo posible a súa incorporación á agrupación estratéxica ECOBAS da Universidade de Vigo. Dende setembro do 2021, coordina o proxecto H2020 JUST2CE sobre unha transición xusta cara a unha Economía Circular. O seu traballo no grupo [Post-Growth Innovation Lab](#) céntrase na investigación e innovación responsable (*Responsible Research & Innovation, RRn* e economía circular e mais na innovación para a sustentabilidade).

O proxecto PROSPERA, que conta cun orzamento de case 1,5 M€ e se desenvolverá ata o 2026, examina o papel da innovación nunha era que superará o axioma de crecemento sen fin. A investigación cuestionará o paradigma do crecemento infinito baseando os seus argumentos na hipótese de que só desvencellando o concepto de innovación do de crecemento ábrese espazos para novas tipos de desenvolvemento. En concreto, o proxecto explorará novas narrativas para a innovación que a vencellen á transformación cultural e institucional e, en consecuencia, a novas formas de entender a vida e mais a arte social.

En 2024 PROSPERA foi seleccionado como caso de éxito para participar no report do ERC "[Transformative change for a sustainable future](#)". O report analiza os 300 proxectos ERC con máis potencial de xerar un cambio transformativo no ámbito da sustentabilidade.